


TEMA 10: OS ESPAÇOS DO SECTOR PRIMARIO




A.-O ESPAZO RURAL


O **espaço rural** é o territorio non urbanizado da superficie terrestre no que se desenvolven as actividades agrícolas, gandeiras e forestais do ser humano. Nas últimas décadas estas actividades tradicionais diversificáronse coa introdución doutras, como as residenciais, recreativas, industriais, de servizos...

desagrarización*

Ata o século XIX, ao igual que moitos países, España mantiña un predominio do sector primario (o que inclúe as actividades agrarias e outras ligadas á extracción de recursos naturais, como a pesca e a explotación forestal), e boa parte da súa poboación activa dedicábase a obter alimentos e outros bens de primeira necesidade. Posteriormente, iniciou un proceso de industrialización, que fixo que o sector secundario se convertese no máis importante dentro do seu territorio.



Nas últimas décadas, como moitos países desenvolvidos, mantívose a **redución progresiva do sector primario**, e tamén do secundario fronte ao rápido crecemento do sector terciario ou de servizos. **No ano 2014 o sector primario só daba emprego ao 4,2% dos ocupados en España**, e xeraba unha proporción algo inferior (2,3%) do PIB; moi por debaixo do secundario (17,8% dos ocupados) e, sobre todo, do terciario (78%).



De todos os xeitos, **a produción final agraria é hoxe superior á de hai varias décadas grazas ao maior grao de tecnificación** que permite aumentar a produtividade do traballo e, pese á perda de importancia dentro da economía española, **as actividades do sector primario aínda manteñen un gran valor estratéxico** (autonomía alimentaria, achega de materias primas ás industrias agroalimentarias, téxtil e do moble, manter poboación e emprego en áreas rurais, preservar o medio ambiente ofrecendo un saldo positivo no comercio exterior grazas á exportación de produtos de regadío....). Por todos estes motivos, a Unión Europea mantén desde hai décadas unha Política Agraria Común (PAC), que busca a supervivencia desta actividade influíndo decisivamente sobre o sector agrario español.



Conceptos
previos

► **Agricultura extensiva:** forma de explotación agraria que non pon en cultivo todo o solo, xa que parte da terra queda en *barbeito*.

- A **agr. extensiva tradicional** fai uso do barbeito para evitar o esgotamento do solo, pois non conta con abonos suficientes, o traballo non é mecanizado e os rendementos son escasos. Exemplo: agricultura de cereal en Castela.



- A **agr. extensiva moderna** emprega técnicas modernas, é unha agricultura mecanizada, que emprega pouca man de obra; a produción é elevada, parte da terra queda en barbeito porque non interesa producir máis... Exemplo: agricultura de cereal en EEUU.



► **Agricultura intensiva:** forma de explotación agraria que pon en cultivo todo o solo e pretende obter a maior colleita posible.

- A agr. intensiva tradicional obtén altos rendementos, pero emprega moito man de obra e traballo humano, debido ao atraso tecnolóxico. Exemplo: agr. de arrozal asiática.

- A agr. intensiva moderna obtén altos rendementos, xa que fai uso de tecnoloxía avanzada: fertilizantes, selección xenética, regadío... Exemplo: cultivos da horta levantina, regadíos do Delta do Ebro...

explotación intensiva*



B.-FACTORES FÍSICOS: O MEDIO NATURAL

A actividade agraria tradicional era moi dependente do medio físico. Na actualidade, os progresos técnicos permiten modificar o medio para obter maior produtividade (invernadoiros, selección sementes, regadío...). Non obstante, os factores físicos seguen a exercer a súa influencia.

- O **relevo**: elevada altitude media e abundantes pendentes que facilitan a erosión e fan difícil a mecanización.
- O **clima**: precipitacións escasas e irregulares, temperaturas extremas, aridez importante...
- A **vexetación natural** herbácea e arbórea, que permite un aproveitamento forestal, está degradada ou foi eliminada en favor doutros usos do territorio.
- Os **solos** son de calidade mediocre e teñen graves problemas de erosión.

